AUTORAS E AUTORES DE *CUMIEIRA*, VOL. 10 (2025)

XOSÉ A. FERNÁNDEZ SALGADO

É Doutor en Filoloxía Galega e profesor titular da Universidade de Vigo. Traballou de editor na editorial Santillana/Obradoiro (1993-1998) e dende 2016 edita a publicación *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*.

SANDRA COMESAÑA PIRES

Naceu en 1997 en Vigo e graduouse en Linguas, Literaturas e Culturas Románicas na Universidad de Salamanca. Posteriormente, cursou o Mestrado interuniversitario en Lingüística Aplicada na Universidade de Vigo, onde colaborou, como parte do seu Traballo Fin de Mestrado, no proxecto AMRELSE (Alta Minorización e Reprodución Lingüística no Suroeste Europeo) da Universitat de Barcelona. Actualmente traballa como bolseira no proxecto AliR (Atlas Lingüístico Románico) no Centro Ramón Piñeiro.

NATALIA OTERO OUBIÑA

Nacida en Taragoña (Rianxo), é graduada en Enfermaría pola Universidade de Santiago e en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, con mención en Filoloxía Galega, pola Universidade de Vigo. Desta última titulación foi Premio Extraordinario de Fin de Grao e, arestora, é doutoranda no Programa de Estudos lingüísticos desta universidade. Durante a súa formación, foi bolseira na Área de Normalización Lingüística e obtivo o primeiro premio na modalidade de poesía nos Premios de Poesía, relato curto e tradución en 2023 e 2024; así como o primeiro accésit pola tradución de *O moucho galego,* do Conde de Lemos, en 2024. Na actualidade, é bolseira no Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Alén, traballa como asesora lingüística no audiovisual e ten experiencia en dobraxe e en locución de audiolibros.

ARIEL QUINTELA SESAR

Nacide na vila de Melide no ano 1997, cursou o Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, nos módulos de Lingua galega e Lingua española, e o Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada, na especialidade de Comunicación e recursos lingüísticos, ambos na Universidade de Vigo. Actualmente imparte docencia de Lingua galega.

OLALLA VIZOSO GONZÁLEZ

Naceu en 2003 en Amorín (Tomiño, Pontevedra) e graduouse en 2025 en Lingua e Literatura Galegas con mención minor en Estudos Lusófonos pola Universidade de Santiago de Compostela. Actualmente cursa nesa mesma universidade o Mestrado de Profesorado de Educación Secundaria, seguindo a especialidade de «Linguas e Literaturas».

SILVIA MIGUÉLEZ TRABAZOS

Naceu en 2003 en Panxón (Nigrán, Pontevedra) e graduouse en 2025 na Universidade de Vigo en Filoloxía Aplicada Galega e Española, coa mención en Galego. Actualmente complementa a súa formación académica na Universidade de Vigo co Mestrado de Profesorado en Educación Secundaria e Bacharelato seguindo a especialidade de «Linguas e literaturas oficiais: castelán e galego».